

INSTRUCCIÓN PARA O DEPÓSITO E A DEFENSA DOS TFG

CONVOCATORIA FIN DE CARREIRA 2024/25

Todo o proceso relacionado co depósito e defensa do TFG realizarase de forma virtual, atendendo ás seguintes instrucións:

DEPÓSITO

1. Aqueles/as que vaian defender o seu traballo na convocatoria fin de carreira poderán facer o depósito do traballo, de acordo co establecido no calendario, **ata o 25 de outubro (incluído). Para poder defender, a persoa titora ten que estar de acordo con elo.**
2. Deberán remitir o traballo por correo electrónico **dende a conta de alumnado da Uvigo (XXX@uvigo.es), simultaneamente**, ao enderezo do Decanato sdfcee@uvigo.es **E Á PERSOA TITORA DO TRABALLO**, nun arquivo con título TFGapelidosnome. Poden facelo nun documento pdf que ocupe un MÁXIMO de 40 MB . Indicarase se o/a alumno/a cursa a titulación de ADE, Economía ou o Dobre Grao ADE-Dereito. Lémbrales que o documento que remitan **será o definitivo**, que será remitido posteriormente ao tribunal, polo que, **non se admitirán cambios posteriores.**
3. No correo que se envíe ao Decanato co TFG deberán xuntar tamén o documento de *Solicitud de tribunal* (que pode descargarse na web da facultade <http://fccee.uvigo.es/es/docencia/tfg/>), nun arquivo con título Tribunalapelidosnome, indicando o tipo de tribunal que van solicitar (individual ou colexiado). Recibirán unha confirmación de que se recibiu a documentación. De non recibila nun prazo de **dous días hábiles** dende que se enviou o correo á Secretaría do Decanato, **rógase que se poñan en contacto coa mesma**, ben por correo electrónico ou por teléfono no número 986812402.

O depósito do traballo pódese facer aínda que non se superasen nesas datas todas as materias da titulación.

IMPORTANTE: O TFG ten que presentarse nun arquivo coa portada e coas normas de estilo que están publicadas na web da Facultade. É importante que leades na propia web o regulamento dos traballos, no que resolveredes as dúbidas que poidades ter (<http://fccee.uvigo.es/wp-content/uploads/2019/07/regulamento-TFG-24-05-19.pdf>) .

SOLICITUDE DE DEFENSA

Unha vez que o/a titor/a emita informe favorable, o/a alumno/a ten que solicitar a defensa, de acordo coas instrucións que se publicarán na web da facultade na derradeira semana e outubro.